



**ACTA Nº 4 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADORAS FORESTAIS.
CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado P. Económica)
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 12:45 horas.

HORA DE REMATE: 12:55 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **27 de novembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son” (cláusula 17^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Cualificación da documentación presentada polo empresario proposto para a adxudicación do contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta da presentación polo empresario MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.A., dentro do prazo outorgado ao efecto, da documentación que lle foi requirida por decreto da Alcaldía núm. 784/2017, do 17 de novembro, consonte ao previsto na cláusula 19^a do prego de cláusulas administrativas particulares, e que é a seguinte:

1. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Administración do Estado e da Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.
2. Garantía definitiva por importe de 4.437,90 euros, equivalente ao 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.
3. Documentación acreditativa do cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración.

Examinada a documentación presentada polo licitador, compróbase que se axusta ao previsto na cláusula 19^a dos pregos de cláusulas administrativas particulares e verificase a súa integridade e corrección.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Declarar cumprido polo empresario MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.A. o requirimento de achega da documentación necesaria para a adxudicación ao seu favor do contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son”.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, para os efectos da adxudicación do contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son", previa a fiscalización do expediente pola Intervención municipal.

Porto do Son, 27 de novembro de 2017.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D^a. Marfa José Maneiro Quintans.

Vogal,

D. Antonio Romero Ribeiro .

Vogal,

D^a. M^a Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez.